


Índice

1.	Antenas.....	2
1.1	Antenas transmisoras e receptoras	2
1.2	Parámetros das antenas.....	3
1.2.1	Directividade (D)	3
1.2.2	Ganancia (G)	4
1.2.3	Ancho do feixe	4
1.2.4	Relación diante/atrás	4
1.2.5	Ancho de Banda	5
1.2.6	ROE	6
1.2.7	Impedancia de entrada	6
1.2.8	Curva de resposta en frecuencia	7
1.3	Antenas para radio e televisión terrestre.....	8
1.3.1	Dipolo simple o de Hertz.....	8
1.3.2	Dipolo pregado ou dobrado	8
1.3.3	Antena Marconi.....	9
1.3.4	Antena logaritmico - periódica	9
1.3.5	Antena Yagui	10
1.3.6	Antenas de dipolos enfasados.....	11
1.3.7	Solución de problemas con antenas enfasadas	11
1.4	Antenas para televisión vía satélite.....	15
1.4.1	Antena de bucina	15
1.4.2	Antena de foco primario.....	16
1.4.3	Antena Cassegrain	17
1.4.4	Antena Offset.....	17
1.4.5	Antena plana.....	18
1.4.6	Antenas multisatélite.....	18
1.4.7	Apuntamento de antenas.....	19
1.5	Outros tipos de Antenas	25
1.5.1	Antenas Sectoriais.....	25
1.5.2	Antena guía - onda	26
1.5.3	Antena helicoidal	27
1.5.4	Antena de ranura	27

1. Antenas

Unha antena é un dispositivo, xeralmente metálico, capaz de radiar (ver modulación) e recibir ondas de radio. Pódese definir tamén como a parte do sistema transmisor ou receptor deseñado especificamente para radiar ou recibir ondas electromagnéticas. Noutras palabras, unha antena é un elemento de transición entre un dispositivo guíaondas e o espazo libre, no caso dun sistema transmisor, ou viceversa no caso dun sistema receptor.




1.1 Antenas transmisoras e receptoras

Unha das misións da antena consiste en radiar a potencia que se lle fornece cunhas características de direccionalidade adecuadas a aplicación. Cada unha destas aplicacións impón uns requisitos sobre a zona do espazo na que debe concentrarse a enerxía.

Na radiodifusión sonora a enerxía debe distribuírse por igual en tódalas direccións, no caso da existencia dunha cobertura **omnidireccional**. Polo contrario no caso de radioenlaces fixos, disporanse antenas que concentren a enerxía nunha determinada dirección, falamos entón de **antenas direccionais** (hai unha zona na cal a radiación é máxima, chamada **lóbulo principal**, e as zonas que envolven os máximos de menor amplitude denomínanse **lóbulos secundarios**). Ademais de radiar, toda antena será capaz de captar a enerxía do espazo ca rodea, absorbela e entregala ao receptor.

O diagrama de radiación dunha antena é unha ferramenta moi útil para o análise das características dunha antena. Con el pódese coñecer dunha forma clara e sinxela como radia unha antena, permite deducir a súa directividade, relación diante/atrás e ancho do feixe.

Na seguinte figura temos o aspecto de dous diagramas de radicación típicos: unha antena omnidireccional e unha antena direccional.



En resumen, as dúas misións básicas dunha antena son transmitir e recibir enerxía, baixo condicións particulares para cada aplicación. Estas condicións están relacionadas coa direccionalidade, os niveis de potencia que soportan, a frecuencia de traballo, etc., o que da lugar a unha gran variedade de tipos de antenas.

O carácter dos procesos que teñen lugar nas antenas testemuña a súa reciprocidade, expresada como a posibilidade de utilizar unha mesma antena en calidade de radiador de enerxía electromagnética, ou antena transmisora, ou ben en calidade de captador de enerxía electromagnética, ou antena receptora, sen que varíen os seus parámetros principais ao desenvolver unha ou outra función; o que, na práctica, permite que en determinados servizos, como no caso da telefonía móbil, utilícese unha antena común para a transmisión e para a recepción.

1.2 Parámetros das antenas

1.2.1 Directividade (D)

É a capacidade que ten unha antena de concentrar a potencia radiada nunha determinada dirección do espazo cando emite sinais e cando as recibe; é a capacidade de absorber a potencia incidente nesa dirección. O fabricante establece a ganancia para a dirección de máxima radiación e, xenericamente, a denomina ganancia, aínda que estritamente debería denominarse directividade (D).

1.2.2 Ganancia (G)

É a relación entre a potencia recibida e a potencia entregada dunha antena se a comparamos cunha antena que tómasse como referencia.

As antenas que utilízanse como referencia son:

- Dipolo de $\frac{1}{2}$ lonxitude de onda.
- Radiador isotrópico (antena que radia por igual en tódalas direccións do espazo). Neste caso, a ganancia exprésase en dBi (dB isotrópicos).

1.2.3 Ancho do feixe

É o ángulo formado polos dous eixes imaxinarios de unión da antena cos puntos onde a ganancia cae 3dB con respecto ao punto de máxima radiación.




Diagrama de radiación e apertura do feixe dunha antena.


1.2.4 Relación diante/atrás

É a relación entre a ganancia na dirección de máxima radiación e o valor na dirección oposta.


1.2.5 Ancho de Banda

É o marxe de frecuencia dentro do cal a antena mantén a súas características de ganancia, directividade, etc.

1. Exemplo: Na seguinte figura na dirección de 90° a directividade queda atenuada 20dB, polo tanto a ganancia para esta dirección é de -5dB: $G(90^\circ) = D - L(90^\circ) = 15\text{dB} - 20\text{dB} = -5\text{dB}$. Para a dirección de 135° o sinal captado pola antena é nulo, xa que esta dirección correspóndese cun **nulo no diagrama de radiación**. O ancho do feixe a -3dB é a separación angular das direccións nas que o diagrama de radiación caeu 3dB, o seu valor exprésase en grados. Na figura é aproximadamente de 20° . A relación diante/atrás é a relación expresada en dB entre a ganancia da antena na dirección da máxima radiación e a ganancia da antena de calquera lóbulo comprendido entre 90° e 270° respecto a dirección de máxima radiación. A relación diante/atrás na figura é de 25dB.



2. Exemplo: A antena representada na seguinte figura mostra as seguintes características para unha ganancia máxima de $D=11\text{dB}$: O **ancho do feixe** é de aproximadamente 40° , xa que na dirección de 20° a atenuación é de 3dB : $L(20^\circ) = 3\text{dB}$. O ancho do feixe polo tanto será o dobre: 40° . A **relación diante/atrás** é maior de 20dB , xa que a atenuación do lóbulo secundario traseiro é de 20dB : $L(180^\circ) = 20\text{dB}$. A dirección de 90° coincide cun nulo de radiación, polo que calquera sinal que proveña desa dirección será atenuada completamente. A **Ganancia** para unha dirección de -45° é de -10dB , xa que nesa dirección a atenuación respecto do máximo é de aproximadamente 21dB : $G(90^\circ) = D - L(90^\circ) = 11\text{dB} - 21\text{dB} = -10\text{dB}$. Como obsérvase, o diagrama de radiación está normalizado respecto a dirección de máxima radiación do diagrama de radiación, de xeito que nesta dirección a ganancia é de 0dB , sendo necesario co fabricante proporcione tamén o valor da directividade.



1.2.6 ROE

O parámetro ROE é a Relación de Onda Estacionaria e é unha medida do grado de adaptación entre a antena e a impedancia que ten o propio circuíto.

1.2.7 Impedancia de entrada


Defínese como a **impedancia** que presenta unha antena nos seus terminais, como a relación entre a tensión e a corrente eléctrica nos seus terminais ou como a relación das compoñentes dos campos eléctrico e magnético nun punto da antena.

1.2.8 Curva de resposta en frecuencia

O comportamento dunha antena depende da frecuencia, polo que o fabricante fornece a **curva de resposta en frecuencia** que permite identificar a ganancia máxima (directividad) para cada unha das frecuencias de funcionamento da antena.

Outro parámetro que proporciona a curva de resposta en frecuencia é o **ancho de banda da antena**, e dicir, a marxe de frecuencias que é capaz de captar a antena. Xeralmente especificase o **ancho de banda a -3dB**, definido como a marxe de frecuencias no que a ganancia da antena diminúe 3dB respecto da ganancia máxima.

3. Exemplo: A antena da figura está deseñada para recibir os canais das bandas IV e V, xa que capta as frecuencias que comprenden desde a canle 21 (470 – 478MHz) ata a canle 69 (854 – 862MHz). O ancho de banda a -3dB é, polo tanto, toda a UHF. A ganancia máxima da antena é de 11dB, o redor da canle 60 (782 – 790MHz). A ganancia máxima é de 8dB no extremo inferior da banda (470MHz). A ganancia no extremo superior da banda (canle 69) é de aproximadamente 9dB.




1.3 Antenas para radio e televisión terrestre

En realidade, existen numerosos modelos de antenas diferentes, polo que un estudo exhaustivo de todas excede. Sen embargo, resulta interesante coñecer aquelas que pódense atopar con maior frecuencia nas instalacións de televisión.

1.3.1 Dipolo simple o de Hertz


A antena básica por excelencia a constitúe o dipolo Hertz, utilizada directamente o como base de antenas de maior complexidade. Trátase dunha antena resoante a $\lambda/2$, polo que a súa lonxitude coincidirá con este valor. Para facilitar a alimentación, divídese en dous seccións iguais, aplicándose o sinal nos extremos interiores das varillas. No diagrama de radiación desta antena obsérvase cómo xera campos electromagnéticos en tódalas direccións, excepto na do eixe que contén a propia antena, e a súa dirección de máxima radiación á a perpendicular a este eixe. Pódese utilizar tanto en polarización vertical como horizontal, e a súa impedancia característica é de 75 ohmios. A súa reposta en frecuencia é gaussiana, e o ancho de banda depende da relación entre a lonxitude do dipolo e o diámetro da varilla utilizada, polo que a maior sección obteremos tamén unha anchura de banda mais elevada.



Dipolo simple e diagrama de radiación.


1.3.2 Dipolo pregado ou dobrado

É unha variante da antena de media onda na que únense os extremos exteriores do dipolo cunha sección de varilla paralela ao mesmo, resultando un dipolo de $\lambda/2$ cunha soa varilla dobrada e aberta na súa zoa inferior. As súas características fundamentais mantense, excepto o ancho de banda, que é mais elevado, e a impedancia, que vese incrementada ata 300 ohmios. O seu emprego xustifícase tamén porque para frecuencias baixas o tamaño da antena faise demasiado grande, e nestas condicións o dipolo simple presenta unha gran fragilidade mecánica. O dipolo dobrado é moito mais robusto, e soporta mellor a forza do vento.



1.3.3 Antena Marconi

Cando precísase unha antena de pequeno tamaño, pódese recorrer a antena Marconi. En realidade, trátase dunha das dúas varillas da antena de Hertz, habéndose cambiado a outra por un plano condutor colocado perpendicularmente a ela, polo que a antena resoa a un cuarto da lonxitude de onda. O efecto deste plano condutor (que pode ser continuo, formado por varillas metálicas radiais, ou o propio chan) é o dun espello para as ondas electromagnéticas. Os sinais radiados desde a antena cara a zoa inferior, serán reflectidas no




plano de terra, reorientándose por reflexión na mesma dirección que tomarían si houberan sido xeradas pola sección do dipolo que ha sido eliminada. Deste modo dispónse dun dipolo cuxa metade inferior é *virtual*, e que representa unha boa alternativa para xerar ou recibir sinais de polarización vertical. As súas características son basicamente as mesmas cas do dipolo simple.

As antenas maioritariamente utilizadas para a emisión e recepción de televisión están baseadas no dipolo simple ou dipolo dobrado, mentres as utilizadas en receptores de radio portátiles, transceptores, teléfonos móbiles e as que móntanse en vehículos adoitan ser antenas Marconi.

1.3.4 Antena logaritmico - periódica


Cando necesítase unha antena cun gran ancho de banda, pódese recorrer a unha configuración como a antena logoperiódica. En realidade non é unha única antena, senón unha asociación de dipolos de media onda de tamaño e separación progresivamente crecente.



A alimentación desta antena é tal que, partindo dunha liña única, distribúese en contrafase entre dous dipolos adxacentes. O resultado é unha antena selectiva na dirección do dipolo de menor tamaño, e resoante a un gran marxe de frecuencias, producíndose diferentes mínimos de impedancia con separacións periódicas.


1.3.5 Antena Yagui

A antena mais utilizada na recepción de televisión é, seguramente, a antena de canal de ondas ou antena Yagui. Está formada por un dipolo, simple ou pregado, o cal acádense paralelamente unha serie de varillas metálicas que modificarán o seu diagrama de radiación orixinal. Estas varillas son elementos pasivos, é dicir, non están alimentados polo sinal, reaccionando unicamente a partires das ondas inducidas desde o dipolo. O tamaño destes elementos engadidos e a distancia de separación respecto do dipolo ou do elemento que precédelle determinarán o seu funcionamento. Así, usase unha varilla (ou un plano formado por varias varillas metálicas) de lonxitude lixeiramente maior ca do dipolo e separación típica de $\lambda/4$ respecto deste, que funcionará como **reflector** de ondas, polo que producirase unha redución do lóbulo de radiación na dirección na que colócase incrementando, ademais, a ganancia do lóbulo contrario. Se utilizamos unha varilla lixeiramente mais curta, e a situamos a unha distancia de $\lambda/8$ do dipolo, conseguiremos un elemento **director**, que alargará o diagrama de radiación, facéndoo mais directivo e con maior ganancia. Mentres que ao eliminar o campo nesa dirección non é útil empregar mais dun reflector, pódense montar múltiples elementos directores, reducíndose a apertura do feixe e incrementando a ganancia nesa dirección cada vez en maior medida. As dimensións expresadas son uno dos múltiples modelos existentes, podendo atopar antenas con diferentes medidas, separacións e incluso formas nos elementos ca integran. Mentres co dipolo é o único elemento alimentado pola liña de transmisión, o conxunto de reflector e directores conectarase a terra, a través da barra que serve de soporte do sistema.



Antenas Yagui e os seus diagramas de radiación.

1.3.6 Antenas de dipolos enfasados




Si colocamos dous dipolos próximos un ao outro, e os alimentamos co mesmo sinal, observaremos cas antenas interactúan entre si, modificando o diagrama de radiación e a ganancia da antena orixinal. A forma na que modifícase as súas características depende da distancia de separación, utilizándose habitualmente estruturas que incrementan a directividad e, conxuntamente coa utilización dun reflector pasivo, conseguen aumentar considerablemente a ganancia no lóbulo resultante, sen utilizar directores. Ademais, ao empregar varios dipolos, a potencia aplicada repártese entre eles, resultando por iso especialmente aconsellable para sistemas de emisión. As antenas mais frecuentes fórmanse enfasando catro dipolos a través dunha liña de transmisión simétrica, obténdose ganancias duns 13 dB.

1.3.7 Solución de problemas con antenas enfasadas

Estas asociacións poden realizarse tamén con antenas Yagui, incrementando a ganancia e reducindo a apertura do feixe no plano da asociación. Un factor crítico nestes casos é a lonxitude do cable que une o mesturador coas antenas, que deberá ser exactamente igual para todas elas para garantir a suma en fase de todos os sinais recibidos.


Precisamente o feito de estreitar o lóbulo principal dunha asociación de antenas confírelle unha utilidade interesante en instalacións receptoras, xa que podemos utilizala para evitar interferencias procedentes de reflexións, que provocarían dobres imaxes sobre a pantalla do receptor. As situacións mais frecuentes que podemos atopar son dous:

- **Reflexión no plano vertical.** Son as mais frecuentes en contornas urbanas, onde o sinal pode modificarse por un ambiente hostil, cheo de obstáculos verticais.
- **Reflexións no plano horizontal.** Habituais cando entre o emisor e o receptor existen grandes superficies planas, como lagos, tellados planos doutros edificios de menor altura e incluso o chan chaira. O efecto sobre la imaxe será o mesmo que no caso anterior, aínda que a solución adoptada será diferente.



Para solucionar a reflexión horizontal, podemos recorrer a utilizar dúas antenas Yagui iguais e enfasadas, de forma cas antenas colocaranse unha ao lado da outra, reducindo así o ángulo de apertura horizontal resultante. Para a reflexión vertical situaranse unha antena sobre a outra, estreitando o feixe verticalmente.

Paralelamente a este efecto, xeraranse lóbulos secundarios aos lados do feixe principal aparecendo puntos intermedios onde a radiación é nula. Modificando a distancia que separa as dúas antenas podemos cambiar a dirección destes nulos, ata facelos coincidir coa dirección do sinal interferente, polo ca antena reaccionará unicamente ante o sinal procedente da dirección principal solucionándose o efecto de dobre imaxe. O enfasamento das antenas presenta unha vantaxe engadida, xa que al concentrarse o feixe obtense unha ganancia adicional duns 3 dB na dirección do lóbulo principal.



Antenas enfasadas e diagramas de radiación. Reflexión lateral e solución con antenas enfasadas.

4. Caso Práctico1: Tódolos elementos que forman unha antena Yagui están relacionados coa lonxitude de onda do sinal que pretenden emitir ou recibir, a través duns poucos e sinxelos cálculos. Se desexamos construír unha antena para cubrir a banda V de televisión, deberemos seguir os seguintes pasos:

- **Frecuencia central:** A antena deberá resoar no centro da banda que desexamos cubrir. Como a banda V esténdese desde 606 MHz (canal 38) ata os 862 (canal 69), a súa frecuencia central será:

$$f_c = \frac{f_{\text{máx}} + f_{\text{min}}}{2} = \frac{862 + 606}{2} = 734 \text{ MHz}$$

Isto supón que deberemos calcular unha antena para unha frecuencia de 734 MHz.

- **Lonxitude de onda:** segundo estudamos:

$$\lambda = \frac{c}{f_c} = \frac{3 \cdot 10^8 \frac{m}{s}}{734 \cdot 10^6 \text{ Hz}} = 0.408 \text{ m} = 40.8 \text{ cm}$$

$C = \text{Velocidade de propagación.}$

- **Lonxitude eléctrica:** a nosa antena resoará a metade da lonxitude de onda do sinal:

$$L = \frac{\lambda}{2} = \frac{0.408 \text{ m}}{2} = 0.204 \text{ m} = 20.4 \text{ cm}$$

- **Lonxitude física real:** aínda que teoricamente a varilla do dipolo debería ser de media onda de longo, razóns de tipo práctico aconsellan acurtar lixeiramente o dipolo, reducindo a súa lonxitude un 5%:

$$L_{real} = 0.95 L = 0.95 \cdot 0.204 = 0.194 \text{ m} = 19.4 \text{ cm}$$

- **Separación entre seccións do dipolo dobrado:** se nosa antena é un dipolo simple, a construiremos coas medidas obtidas no punto anterior. Pero se desexamos fabricar un dipolo dobrado, debemos de ter en conta a separación existente entre as dúas seccións ca forman. Esta distancia será un submúltiplo da lonxitude de onda que nos proporcione un tamaño adecuado para realizar a súa construción. Para a lonxitude de onda que obtemos, podería resultar válido:

$$e = \frac{\lambda}{8} = \frac{40.8 \text{ cm}}{8} = 5.1 \text{ cm}$$

Neste punto xa calculamos o tamaño do dipolo, que é o elemento mais complexo da antena, a continuación engadiremos os complementos que mellorarán o seu comportamento e a súa ganancia directiva.

- **Reflector:** O seu tamaño coincide co da lonxitude eléctrica da antena, no noso caso 20,4 cm. Estará separado do dipolo por unha distancia de $\lambda/4$, é dicir:

$$d_r = \frac{\lambda}{4} = \frac{40.8 \text{ cm}}{4} = 10.2 \text{ cm}$$

- **Directores:** O primeiro deles (o máis próximo ao elemento activo) será un cinco por cento mais curto co dipolo, e o resto medirá un cinco por cento menos co inmediatamente anterior. Se nosa antena ten, por exemplo, dous directores, as súas medidas serán:


$$D_1 = 0.95 L_{real} = 18.4 \text{ cm}$$

$$D_2 = 0.95 D_1 = 17.5 \text{ cm}$$

En tódolos casos, a separación entre os directores ou entre o director e o dipolo será $\lambda/8$:

$$d_d = \frac{\lambda}{8} = \frac{40.8 \text{ cm}}{8} = 5.1 \text{ cm}$$

Unha vez rematados os cálculos, quedaría unha antena Yagui formada por un dipolo, un reflector e tres directores, segundo a configuración da figura.



5. Caso práctico: Deseña unha antena Yagui formada por un dipolo simple, un reflector e un director, e que cubra a banda IV de televisión.

– **Frecuencia central:**

$$f_c = \frac{f_{\max} + f_{\min}}{2} = \frac{606 + 470}{2} = 538 \text{ MHz}$$

– **Lonxitude de onda:**

$$\lambda = \frac{c}{f_c} = \frac{3 \cdot 10^8 \frac{\text{m}}{\text{s}}}{538 \cdot 10^6 \text{ Hz}} = 0.557 \text{ m} = 55.7 \text{ cm}$$

– **Lonxitude eléctrica:**

$$L = \frac{\lambda}{2} = \frac{0.557 \text{ m}}{2} = 0.279 \text{ m} = 27.9 \text{ cm}$$

– **Lonxitude física real:**

$$L_{\text{real}} = 0.95 L = 0.95 \cdot 0.279 = 0.265 \text{ m} = 26.5 \text{ cm}$$

– **Separación entre seccións do dipolo dobrado:**

$$e = \frac{\lambda}{8} = \frac{55.7 \text{ cm}}{8} = 6.9 \text{ cm}$$

– **Reflector:**

$$L_r = L = 27.9 \text{ cm}$$

$$d_r = \frac{\lambda}{4} = \frac{55.7 \text{ cm}}{4} = 13.9 \text{ cm}$$

– **Director:**


$$D_1 = 0.95 L_{real} = 25.2 \text{ cm}$$

$$d_d = \frac{\lambda}{8} = \frac{55.7 \text{ cm}}{8} = 6.9 \text{ cm}$$

1.4 Antenas para televisión vía satélite


As transmisións por satélite presentan características diferentes das convencionais, xa que a frecuencia utilizada é moi superior, dificultando a construción de antenas clásicas polas súas reducidas dimensións. Este feito, unido a ca potencia que chega a superficie terrestre é dun nivel moito mais baixo, fai necesaria a utilización de sistemas específicos que proporcionen unha elevada ganancia e unha adecuada relación sinal - ruído a saída.

1.4.1 Antena de bucina



Este tipo de antena utilízase en frecuencias da banda SHF, onde o sinal aplícase a través dunha guía de ondas. En realidade, trátase dun ensanche desta guía, formando unha especie de embude, que pode ser circular, cadrado ou rectangular. As súas dimensións físicas determinarán, en relación coa lonxitude de onda do sinal procesado, os parámetros de ganancia, directividade vertical e horizontal, e apertura do feixe. Pódese atopar soa ou como elemento alimentador dun sistema con reflector parabólico.

1.4.2 Antena de foco primario



Basease na característica óptica da parábola de reflectir os sinais procedentes da dirección do seu eixe cara a un punto fixo, que chamamos foco da parábola. Neste punto situarase o elemento alimentador da antena, que pola banda de frecuencias nas que úsase será unha guía de ondas, que situará de forma enfrontada cara ao reflector parabólico. En realidade, o elemento activo da antena, que xerará o sinal a radiar, estará dentro da guía de ondas, emitíndose a través dunha antena de bucina ou outro dispositivo iluminador. A misión da parábola será reflectir e concentrar o sinal emitido, que se radiará con un ángulo de apertura de unicamente 1° o 2° .

Naturalmente, o principio de funcionamento é reversible, utilizándose tamén en antenas receptoras. A antena terá unha resposta unidireccional cun único lóbulo, mais estreito canto maior é o diámetro da antena. A ganancia da antena defínese pola ecuación:

$$G = 10 \log \frac{4 \pi A \eta}{\lambda^2}$$

Onde:

G = Ganancia da antena.

A = Superficie do reflector parabólico.


η = Rendemento da antena.

λ = Lonxitude de onda do sinal.

Dela despréndese ca ganancia aumenta co diámetro do reflector (superficie) e coa frecuencia do sinal (inversa a lonxitude de onda). O rendemento tamén é un parámetro importante, xa que para este tipo de antenas adoita estar entre 0.5 e 0.65, é dicir, cas perdas do sistema poden chegar a metade do sinal aplicado. Isto é debido a co sistema de alimentación presenta zoas de sombra sobre o reflector, o que diminúe o área efectiva.

1.4.3 Antena Cassegrain

Tamén chamada de dobre reflexión, supón unha variante sobre a antena de foco primario. Se supoñemos unha antena receptora, estará orientada na dirección de emisión. Ao incidir sobre un reflector parabólico, os sinais procedentes da dirección do eixe de orientación serán reflectidos cara ao foco da parábola.



Neste punto situarase agora un segundo reflector, de tamaño moito menor co primeiro, e que terá forma hiperbólica. A diferenza da parábola, este segundo reflector direcciona os sinais que cheganlle desde calquera dirección cara ao foco desta hipérbole. Este novo foco faise coincidir co vértice da parábola, e será alí onde concentraranse os sinais, recolléndolos nunha guía de ondas. A aplicación desta antena estará onde sexa necesaria unha antena de grandes dimensións, onde a zoa de sombra do segundo reflector non supón unha perda notable do rendemento. Neste caso, pódense obter factores de eficacia na contorna do 70% debido basicamente a dúas razóns: os erros do reflector parabólico corríxeos o segundo reflector, e o sistema de alimentación acúrtase e sitúase detrás do reflector.

A utilización de antenas Cassegrain está limitada na práctica as grandes antenas dos radiotelescopios, ou dos sistemas de emisión dos sinais cara ao satélite. Para as instalacións receptoras son mais adecuadas as configuracións de foco primario e, sobre todo, as de tipo Offset, por presentar unha elevada ganancia cun tamaño reducido.

1.4.4 Antena Offset


O principal problema das antenas parabólicas anteriores é a zoa de sombra dos elementos colocados no campo de visión, o que diminúe a cantidade de sinal útil da antena. Isto queda resolto se colocamos o sistema de alimentación fora da zona útil do reflector, o que conséguese coa antena de foco desprazado ou antena Offset.



Para entender o funcionamento tomemos unha antena de foco primario de gran tamaño, e seleccionemos unicamente unha zoa da metade superior do reflector. Para este anaco de reflector, o alimentador non presenta sombras, ao quedar por debaixo da zoa de visión o punto focal da antena orixinal. Isto supón que, ao eliminar as zoas de sombra, o rendemento sitúase na contorna do 80 %, incluso para antenas de pequeno tamaño. Por iso, a ganancia da antena aumenta case a metade se a comparamos cunha antena de foco primario, o que xustifica o seu alto grado de implantación. O único inconveniente é que, a diferenza das antenas anteriores, a dirección na que apunta a antena non é tan evidente, debéndose desprazar cara arriba, respecto do eixe aparente da antena. Isto supón que nas operacións de axuste deberase introducir unha corrección na elevación da antena, que proporciona o fabricante, como consecuencia de ter o foco desprazado da súa posición orixinal.

1.4.5 Antena plana

Na recepción de satélites de alta potencia pódense utilizar antenas planas, que utili-




zan o principio de enfaseamento de dipolos que vimos noutros modelos. Se traballamos en frecuencias duns 12 GHz, a lonxitude do dipolo necesario para recibir o sinal é de só 1,2cm, polo que podemos colocar, nun espazo reducido, un gran número de pequenos dipolos unidos por unha rede de alimentación. Esta rede encargárase de sumar os sinais procedentes de tódalas pequenas antenas coa mesma

fase, presentando unha estrutura de árbore. Sen embargo, esta estrutura non pode crecer indefinidamente, posto que chega un momento no que o sinal aportado por un dipolo afastado do tronco principal de alimentación perdese nas propias liñas. Esta antena tamén pode utilizarse para recibir sinais de polarización circular, simplemente utilizando parellas de pequenos dipolos colocados en ángulo recto, para captar a polarización vertical e horizontal. Neste caso, as liñas de alimentación serán de lonxitude diferente para cada un dos dipolos do par, compensándose así as diferenzas de fase de chegada das diferentes polarizacións, obténdose un único sinal na saída.

1.4.6 Antenas multisatélite

Como norma xeral, as antenas para televisión vía satélite presentan un feixe moi




